



# BOP

MÉRCORES, 28 DE AGOSTO DE 2024

N.º 199

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### BALEIRA

##### Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 22/08/2024 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó 4º bimestre do 2024. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/09/2024 e 31/10/2024 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/09/2024. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2536

### FOLGOSO DO COUREL

##### Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 23 de agosto de 2024 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de xullo de 2024.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgozo do Courel, 23 de agosto de 2024.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2537

---

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 23/08/2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 18/2024 SC 01/2024) por importe de **29.404,69 euros**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgozo do Courel, 23 de agosto de 2024.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2542

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO BIMESTRE DO 2024

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm. 2024-0375 de data de data 22-08-2024, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 23-08-2024 ao 23-10-2024. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 22 de agosto de 2024.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 2539

---

## OUIROL

### *Anuncio*

### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2024-0310, de 13 de agosto de 2024, prestouse aprobación inicial ao **Padrón fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de XULLO de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de catro mil catrocentos vinte e seis euros con cinco céntimos (4.426,05 €), correspondendo dous mil catrocentos vinte e seis euros con oitenta e cinco céntimos (2.426,85 €) a dependencia e dous mil novecentos noventa e nove euros con vinte céntimos (1.999,20 €) a libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 20 de agosto de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2540

#### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0319, do vinte e dous de agosto, foron aprobadas as Bases reguladoras para a concesión de axudas para libros de texto e material escolar para o alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, para o curso 2024/2025, cuxo texto literalmente transcrito, é o que segue:

#### **“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNADO MATRICULADO EN SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA OU EDUCACIÓN ESPECIAL, PARA O CURSO 2024/2025**

##### **1.- OBXECTO:**

*O obxecto de dita convocatoria é o de regular a concesión de axudas económicas para a adquisición de material escolar para o alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, co fin de garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación para as familias en condicións socio-económicas máis desfavorecidas, a través da asignación dunha axuda económica para sufragar aqueles gastos ocasionados pola compra de libros de texto, cadernos ou material escolar que non estean subvencionados por outra administración pública.*

##### **2.- REQUISITOS:**

###### **a. Requisitos xerais:**

*As axudas deberán ser solicitadas por quen ou quen es teñan a patria potestade, tutela ou curatela do alumnado.*

- Que todos os membros da unidade familiar se encontren empadroados no Concello de Ourol na data da solicitude, cunha antigüidade mínima de tres meses. Nos casos de custodia compartida, só se esixirá o requisito de empadramento dun dos proxenitores e do fillo/s ou filla/as para os que se solicita a axuda.*
- Estar matriculado en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2024/2025.*
- Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), co Concello de Ourol e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

###### **b. Requisitos económicos:**

*Que a renda per cápita anual da unidade familiar non supere os 10.000 euros.*

##### **1.- A efectos desta convocatoria considéranse membros computables da unidade familiar:**

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.*
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.*

- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada xudicalmente a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa ou cando esteñan suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, mentras non se produza a revisión desta medida.
- Os fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto os casos de custodia compartida. (A convivencia debe acreditarse co certificado de empadramento conxunto da unidade familiar)

2.- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3.- Non terá a consideración de membro computable:

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- O agresor nos casos de violencia de xénero.

4.- O alumnado de Educación Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65% será beneficiario destas axudas con independencia da renda.

### 3.- DETERMINACIÓN DA RENDA PER CÁPITA FAMILIAR:

Para os efectos desta convocatoria, a renda per cápita da unidade familiar será o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2023 entre o número de membros computables.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza. Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2023, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible de aforro (recadro 460); cando non a presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

### 4.- CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:

#### 4.1. Por nivel de renda:

- a. Solicitantes con renda per cápita de ata 4.000 €/ano: 15 puntos
- b. Solicitantes con renda per cápita entre 4.001 e 6.000 €/ano: 12 puntos
- c. Solicitantes con renda per cápita entre 6.001 e 10.000 €/ano: 9 puntos

#### 4.2. Por circunstancias socio persoais:

- a. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros se atope en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente en grao de total, absoluta ou grande invalidez ou estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada en grao igual ou superior ó 65%: 2 puntos por cada membro que acredite esta situación.
- b. Por pertencer a familias nas que algún dos seus membros estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada de entre o 33% e o 64%: 1 punto por cada membro que acredite esta situación.
- c. Por pertencer a familias monoparentais (esta situación deberá acreditarse mediante o certificado expedido pola Xunta de Galicia acreditativo da condición de familia monoparental): 1 punto
- d. Por ter a condición de familia numerosa: 1 punto
- e. Por situación de violencia de xénero: 2 puntos

Cada solicitante obterá unha puntuación en función dos criterios anteriormente descritos. O valor de cada punto calcularase segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Total do presuposto} / \text{Total de puntos obtidos por tódolos solicitantes}$$

A cantidade a conceder obterase do resultado de multiplicar o valor do punto polo número total de puntos obtidos por cada solicitante.

En ningún caso a contía da axuda económica poderá superar os 100 € por alumno/a para o/a que se solicita a axuda.

**5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**6.- DOCUMENTACIÓN:**

- a. Solicitud debidamente cumplimentada que estará a disposición d@s solicitantes no Departamento Municipal de Servizos Sociais e na Sede Electrónica do Concello de Oourol. A solicitud será única para todos/as os/as fillos/as e nela especificarase o nivel de estudos que vai a realizar cada un/unha. Cada un/unha deles/delas recibirá a contía que lle corresponda segundo os criterios establecidos nestas bases.
- b. Fotocopia do DNI d@ solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia obrigad@s a obtelo.
- c. Fotocopia do libro de familia.
- d. Fotocopia da declaración da renda do exercicio 2023 ou certificado de imputacións do IRPF relativo a tódolos membros computables da unidade de convivencia maiores de 18 anos.
- e. Documentos acreditativos das circunstancias socio-persoais alegadas. (Certificado acreditativo de atoparse en situación de desemprego, Certificado de discapacidade ou de ter recoñecida unha incapacidade permanente, Certificado acreditativo da condición de familia monoparental, Título de familia numerosa e documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero, segundo o caso)
- f. Certificado de número de conta bancaria onde se efectuará o ingreso no caso de ser beneficiari@ da axuda.
- g. Documento acreditativo de atoparse matriculado/a en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial para o curso 2024/2025.
- h. Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social

A persoa solicitante terá dereito a non presentar aqueles documentos que xa obren en poder desta entidade local, segundo o establecido no art. 35 f) da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procemento Administrativo Común.

**7.- SELECCIÓN E RESOLUCIÓN**

O Departamento de Servizos Sociais revisará as solicitudes e os documentos requeridos verificando que están completas. Nos casos en que falte documentación requirirase á persoa solicitante para que no prazo de 10 días subsane as deficiencias. De non presentar a documentación requerida no prazo indicado, a solicitud será arquivada.

As solicitudes completas serán elevadas á Xunta de Goberno Local para a súa resolución que será notificada @ solicitante.

**8.- XUSTIFICACIÓN:**

A persoa solicitante deberá xustificar a aplicación da axuda recibida mediante a presentación da factura ou facturas correspondentes, no prazo de 10 días como máximo dende a recepción da notificación de concesión.

**9.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:**

- a. Realizar o gasto obxecto da subvención.
- b. Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes dos gastos realizados.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

**10.- RÉXIME XURÍDICO:**

A concesión destas axudas axustarase ás normas contidas nesta convocatoria, á Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como á normativa de réxime local que lles puidese afectar.

**11.- PREVISIÓN ORZAMENTARIA:**

- a. Axuda que se prevé destinar na presente convocatoria: 1200 €, contía que poderá verse modificada en función do número de solicitudes presentadas co fin de adecuar as subvencións concedidas ó gasto real e ó establecido no último párrafo do artigo 4.
- b. Partida orzamentaria: 323.480 do estado de gastos do orzamento municipal de 2024.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

*Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei xeral de Subvencións.”*

Ourol, 22 de agosto de 2024.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2541

**PEDRAFITA DO CEBREIRO***Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO DE 2024**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 01 de agosto de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Xullo de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xullo de 2024: 3.014,56 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de setembro de 2024 e o 01 de outubro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 8 de agosto de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2538

**SARRIA***Anuncio***Formalización de contrato: orientadora laboral****Estabilización de emprego temporal**

O día 22/08/2024, o Alcalde do Concello de Sarria, mediante Decreto 2024-1391, ditou a seguinte resolución:

**“Expediente: 2081/2022**

**Procedemento:** *Proceso para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de Orientador Laboral, Grupo II, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.*

**DECRETO DE ALCALDÍA**

*Con data 24/07/2024 o tribunal de selección, segundo o establecido na base xeral 9.2.5, publicou na sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a relación de aspirantes por orde de puntuación e, segundo a base xeral 10.1, elevou a proposta de contratación da seguinte persoa:*

- *María Noelia Viñas Gudín (\*\*289\*)*

*Na referida publicación abriuse o prazo para presentar a documentación requirida na base xeral 10.2 por parte da persoa proposta.*

*Considerando que a aspirante presentou a documentación esixida na base xeral 10.2*

*Visto o Decreto 2024-1301, de data 06/08/2024, no cal se da por rematado o proceso de selección*

*Visto o establecido na base 11 respecto da finalización do proceso selectivo e contratación.*

Vista a dilixencia de conformidade n.º 2024-0299 emitida pola Intervención Municipal, con data 21/08/2024.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.g) e 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Contratar a María Noelia Viñas Gudín (\*\*289\*), como persoal laboral fixo para ocupar a praza de Orientador Laboral, Grupo II, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Concello de Sarria.

**SEGUNDO.-** Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica do Concello de Sarria: <https://sarria.sedelectronica.es>.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, en Sarria, a data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario, dou fe

O presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación, contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estívese conveniente.”

Sarria, 23 de agosto de 2024.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2543

## XERMADE

### Anuncio

#### Oferta de Emprego Público ordinaria 2024

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 21/08/2024, adoptou o seguinte acordo, que se transcribe na súa parte dispositiva:

**“PRIMEIRO.** Aprobar a Oferta ordinaria de Emprego Público deste Concello para o ano 2024, que contén as seguintes prazas:

GRUPO	SUBGRUPO	CLASIFICACIÓN	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	SISTEMA DE ACCESO
C	C2	Escala de Administración Especial, Subescala auxiliar	1	Auxiliar de biblioteca (AUXB-01)	Libre

**SEGUNDO.** Publicar a Oferta de Emprego Público no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello [<https://concelloxermade.sedelectronica.es>], no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.”

Xermade, 22 de agosto de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2544